

**Rosa Ana Prada Queipo, secretaria do Concello de Ames (A Coruña)**

**Certifico:** Que o Pleno do Concello de Ames, en sesión ordinaria celebrada o día 30 de xullo de 2019 adoptou, entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

**Punto Oitavo.- Autorización compatibilidade para exercicio de actividade privada de María del Carmen Giadas Dopazo.**

**Expediente 2019/X999/000073**

*Figura no expediente informe favorable da Secretaría Municipal.*

(.....)

*Rematadas as intervencións o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, adopta os seguintes acordos:*

**Primeiro:** *Autorizar a María del Carmen Giadán Dopazo, mestra de música e movemento na Escola de Música Municipal do Concello de Ames, a compatibilidade coa actividade privada de profesora de pandeireta, fora dos horarios nos que presta servizos nesta administración.*

**Segundo:** *Dita compatibilidade non poderá modificar a xornada de traballo e horario do interesado, nin o atraso, negligencia ou descoido no desempeño do mesmo e quedará automaticamente sen efecto en caso de cambio de posto no sector público. As correspondentes faltas serán cualificadas e sancionadas conforme ás normas que se conteñan no réxime disciplinario aplicable, quedando automaticamente revocada a autorización ou recoñecemento de compatibilidade si na resolución correspondente se cualifica de falta grave ou moi grave.*

**Terceiro:** *Facultar ao alcalde do Concello de Ames para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.*

E para que así conste, aos efectos oportunos, expido a presente certificación co visto e prace do señor alcalde en Ames, a 31 de xullo de 2019, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e Prace  
O alcalde

A secretaria

José M. Miñones Conde

Rosa Ana Prada Queipo